

ALU IBÉRICA LC, S.L.

Identificación e enderezo do establecemento

Alu Ibérica LC, S.L.

Estrada Baños de Arteixo, nº 36




15008 A Coruña (A Coruña)



As instalacións de Alu Ibérica LC, S.L., situadas no concello da Coruña (A Coruña), están afectadas polas disposicións do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas. A empresa facilitou á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a notificación recollida no artigo 7 co contido establecido no punto 1 do devandito artigo, así como o informe de seguridade indicado no artigo 10, punto 1, do R.D. 840/2015.

Actividade do establecemento

Fabricación de aluminio.

SUBSTANCIAS SUSCEPTIBLES DE XERAR ACCIDENTES GRAVES

Nome	Frases H	Pictogramas
Gasóleo	H226 - Líquidos e vapores inflamables. H304 - Pode ser mortal en caso de ingestión e penetración nas vías respiratorias. H315 - Provoca irritación cutánea. H332 - Nocivo en caso de inhalación. H351 - Sospéitase que provoca cancro. H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.	
Fuel óleo	H332 - Toxicidade aguda inhalación. H350 - Pode provocar cancro (por inhalación). H361d - Toxicidade para a reprodución. H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H410 - Toxicidade acuática crónica.	
Criolita	H332 - Nocivo en caso de inhalación. H302 - Nocivo en caso de ingestión. H372 - Provoca danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.	

Nome	Frases H	Pictogramas
Costras de baño solidificado	H332 - Nocivo en caso de inhalación. H362 – Pode prexudicar os nenos alimentados con leite materno. H372 - Provoca danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.	
Baño electrolítico	H332 - Nocivo en caso de inhalación. H302 – Nocivo en caso de ingestión. H372 - Provoca danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.	

Posibles accidentes graves e os seus efectos

Nas instalacións que a empresa Alu Ibérica LC, S.L. ten no concello da Coruña están presentes substancias inflamables, tóxicas para as persoas e para os organismos acuáticos e prexudiciais para o ambiente. Unha vez estudadas as análises dos riscos realizadas para as instalacións e os resultados dos cálculos para a definición das zonas de planificación, conclúese que ningunha hipótese estudada xera efectos no exterior das instalacións.

Actuación do establecemento en caso de accidentes graves


O industrial está obrigado a tomar as medidas axeitadas na instalación, incluído o contacto cos servizos de emerxencia, a fin de actuar en caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus riscos.

As actuacións de intervención no establecemento e a comunicación ás autoridades competentes están reflectidas no Plan de autoprotección das instalacións.

Alerta e información á poboación

Ante unha situación no establecemento que poida dar lugar a accidentes graves, alertarase e informarase a poboación afectada.

Os medios previstos son:

- O sistema primario de avisos á poboación consistirá en sirenas electrónicas, controladas tanto en local como a través dun sistema remoto instalado no CIAE112- GALICIA.
- Como sistema secundario utilizarase a megafonía da Garda Civil, da Policía Local da Coruña e das agrupacións de voluntarios de Protección Civil, cando a situación o aconselle.
- Avisos a través dos medios de comunicación social: Radio Galega: 104.8 FM, Radio Nacional: 100.4 FM, @112Galicia , e calquera outro que se considere necesario.

MEDIDAS QUE DEBERÁ ADOPTAR A POBOACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

- Sigue con atención as instrucións das autoridades.

Última inspección

Segundo plan anual de inspección.

Pódense obter, logo de solicitude, os datos acerca da última visita *in situ* e do plan de inspección, en:

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña

Información adicional

Se desexa consultar máis información, pode dirixirse a:

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña